



AGRUPACIÓN ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS DE LOS SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS, S. A.

Gobelas, 23 · Tel.: 902 01 01 93 · 28023 Madrid (ESPAÑA)

SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO OVINO E CAPRINO

CONDICIÓN ESPECIAIS

De conformidade co Plan anual de seguros, aprobado polo Consello de Ministros, garántense os bens asegurables, con base nestas condicións especiais, complementarias das xerais de seguros pecuarios, das que este documento é parte integrante.

O tomador en representación dos seus asegurados, no caso de declaracións de seguros colectivos, e o asegurado, no caso de declaracións de seguro individual, subscriben este condicionado e aceptan especificamente as súas condicións limitativas, que aparecen salientadas en negra, e reciben neste acto cadansúa copia.

APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO TOMADOR 	Ref. do seguro colectivo ou ref. seguro individual <input style="width: 20px; height: 20px; border: 1px solid black;" type="text"/> <input style="width: 20px; height: 20px; border: 1px solid black;" type="text"/> <input style="width: 20px; height: 20px; border: 1px solid black;" type="text"/> - <input style="width: 20px; height: 20px; border: 1px solid black;" type="text"/>
---	---

CIF OU NIF

..... dede

O tomador do seguro ou o asegurado
SINATURA E SELO

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
Capítulo I: DEFINICIÓNS	3
Capítulo II: OBXECTO DO SEGURO.....	6
1ª – GARANTÍAS	6
2ª – RISCOS CUBERTOS.....	6
3ª – LIMITACIÓNS E EXCLUSIÓNS	11
4ª – PERÍODO DE GARANTÍAS	13
5ª – ELECCIÓN DE GARANTÍAS	13
Capítulo III: BENS ASEGURABLES.....	14
6ª – ÁMBITO DE APLICACIÓN	14
7ª – TITULAR DO SEGURO	14
8ª – EXPLOTACIÓNS ASEGURABLES	14
9ª – ANIMAIS ASEGURADOS.....	17
10ª – CLASE DE EXPLOTACIÓN.....	18
Capítulo IV: CONDICIÓN DE ASEGURAMENTO	19
11ª – PERÍODO DE SUBSCRICIÓN	19
12ª – VALOR UNITARIO	19
13ª – NÚMERO DE ANIMAIS	19
14ª – BONIFICACIÓNS E RECARGAS	20
15ª – CONDICIÓN TÉCNICAS MÍNIMAS DE MANEXO	23
16ª – PAGAMENTO DA PRIMA	24
17ª – ENTRADA EN VIGOR	25
18ª – PERÍODO DE CARENCIA	26
19ª – CAPITAL ASEGURADO, CAPITAL GARANTIDO E COBERTURA	26
20ª – OBRIGAS DO TOMADOR OU DO ASEGURADO.....	29
Capítulo V: SINISTRO E INDEMNIZACIÓN.....	32
21ª – COMUNICACIÓN DE SINISTROS	32
22ª – INSPECCIÓN DOS DANOS	32
23ª – VALORACIÓN DE DANOS	33
24ª – SINISTRO INDEMNIZABLE.....	34
25ª – FRANQUÍA	36
26ª - CÁLCULO DA INDEMNIZACIÓN	36
27ª - CONSULTA E VERIFICACIÓN DA INFORMACIÓN.....	37
28ª- ELECCIÓN DE EMPRESA XESTORA	38
Capítulo VI: ANEXOS	39
ANEXO I – RISCOS CUBERTOS E CONDICIÓN DE COBERTURAS	39
ANEXO II – VALOR LÍMITE MÁXIMO POR MORTE DE ANIMAIS.....	41
ANEXO III – VALOR LÍMITE MÁXIMO POR FEBRE AFTOSA.....	42
ANEXO IV – VALORES DE COMPENSACIÓN POR FEBRE AFTOSA.....	43
ANEXO V – VALOR LÍMITE MÁXIMO POR SANEAMENTO OU PRURIGO LUMBAR	44
ANEXO VI – VALORES DE COMPENSACIÓN POR PASTOS ESTIVAIS E INVERNAIS	45

Capítulo I: DEFINICIÓN

Para os efectos do seguro establécense as seguintes definicións:

APTITUDE: orientación produtiva das razas de animais que, polas súas características morfolóxicas, as especializa nunha determinada produción, láctea ou cárnica.

AUTORIDADE COMPETENTE: servizos estatais ou autonómicos responsables de temas sanitarios e alimentarios.

AUTORIZACIÓN ESPECIAL (ZONAS ZPAEN): documento que autoriza unha explotación a xestionar os seus animais mortos para o aproveitamento polas especies necrófagas, sen necesidade de que teñan que ser retirados e destruídos.

CUALIFICACIÓN DE SANEAMENTO: clasificación das explotacións segundo os resultados ás probas de brucelose, en cumprimento dos programas nacionais de erradicación, vixilancia ou control de enfermidades animais.

CUALIFICACIÓN SANITARIA: clasificación das explotacións de gando caprino segundo os resultados ás probas de tuberculose caprina, en cumprimento dos programas nacionais de erradicación, vixilancia ou control de enfermidades animais.

CENSO ASEGURABLE: número de animais que cumpre os requisitos establecidos para ser asegurables.

CENSO DECLARADO: número de animais incluídos, polo asegurado, na declaración do seguro.

CENSO REXISTRADO: número de animais inscritos no Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

CÓDIGO REGA: serie alfanumérica de 14 díxitos asignada a cada explotación que identifica de forma exclusiva cada explotación no Rexistro de explotacións gandeiras (REGA).

CONDICIÓN DE PREZOS PARTICULARES: documento que regula o pacto expreso de prezos entre o asegurado e a xestora, para a retirada e destrución dos animais mortos das explotacións aseguradas.

IDADE: número de meses de vida dos animais.

ENESA: Entidade Estatal de Seguros Agrarios; forma parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

ESPECIE: conxunto de animais con características comúns que lles permite reproducirse entre si e xera descendencia fértil. Neste seguro considéranse as especies ovina e caprina.

EXPLOTACIÓN: conxunto de bens organizados empresarialmente para a actividade de reprodución e recría de gando ovino ou caprino que ten asignado un único código no Rexistro de explotacións gandeiras (REGA).

FRANQUÍA: parte do dano que queda a cargo do asegurado. Segundo a súa forma de aplicación, diferéncianse dous tipos:

- A) Franquía absoluta: aplícase restando á contía económica do dano o importe económico que supón a porcentaxe establecida sobre o capital asegurado.
- B) Franquía de danos: aplícase restando á contía económica do dano o importe que supón multiplicar a porcentaxe desta franquía sobre o valor do dano.

XESTORA: empresa autorizada para a retirada e destrución de animais mortos.

GRUPO DE RAZAS: distintas agrupacións de animais pertencentes á mesma especie de características zootécnicas semellantes (morfoloxía, orientación produtiva, aptitude, conformación, pureza, etc.).

INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA: unha explotación considerárase con "indicación xeográfica protexida" (IXP) cando o seu titular sexa un operador inscrito no rexistro dunha IXP con rexistro comunitario e sometida aos controis de verificación do prego de condicións que a certifique como tal.

INFRASEGURO: situación na que o valor comprobado das explotacións incluídas na declaración é superior ao seu valor declarado.

MÍNIMO INDEMNIZABLE: dano mínimo producido por un risco cuberto e que debe superarse para poder ter dereito a indemnización.

PERÍODO DE GARANTÍAS: tempo durante o que a explotación está amparada polas coberturas da póliza.

PRODUCCIÓN ECOLÓXICA: unha explotación considerárase de produción ecolóxica se está así rexistrada segundo as normas vixentes, está sometida aos controis que a certifican como tal e dispón do plan de xestión de alimentación do gando e do libro de control sanitario debidamente actualizado e dilixenciado.

RAZAS DE APTITUDE LÁCTEA:

Todas as razas de aptitude láctea e os cruzamentos entre elas.

RÉXIME: forma de explotación dos animais relacionada coa tradición, o clima, o territorio e a aptitude. Abrangue os medios de produción empregados para a explotación. Para este seguro distínguense tres réximes: extensivo, semiextensivo e intensivo.

RESTRICIÓN DE MOVEMENTOS: limitación da saída de animais dunha explotación a unha área concreta o a outras explotacións, decretada pola Administración competente, para protexer a saúde pública ou animal.

SISTEMA DE PRODUCCIÓN: sistema utilizado para a xestión agropecuaria e produción de alimentos e que combina as prácticas de cultivo dun determinado modo para a obtención de produtos con determinadas características (tradicional, ecolóxico...).

SOBRESEGURO: situación na que o valor comprobado das explotacións incluídas na declaración é inferior ao seu valor declarado.

TIPO DE ANIMAL: grupo de animais da explotación que se diferencian en cada liña atendendo a criterios de idade, sexo, pureza, etc., para cada especie e grupo de razas.

TRATANTE OU OPERADOR COMERCIAL: calquera persoa física ou xurídica dedicada directa ou indirectamente á compra e venda de animais con fins comerciais inmediatos.

VALOR UNITARIO DECLARADO: valor elixido polo asegurado entre o máximo e o mínimo que propón ENESA conforme a especie, grupo de raza, tipo de animal e características da explotación.

VALOR UNITARIO VERIFICADO: valor unitario máximo ao que se poderían asegurar os animais da explotación, xustificado documentalmente polo asegurado.

VALOR UNITARIO BASE: o menor de entre o valor unitario declarado e o valor unitario verificado.

VALOR DE RECUPERACIÓN: valor en carne, de aproveitamento alternativo, de rescate residual ou de reutilización que debe deducirse da indemnización, previamente á aplicación de franquía.

ZONAS ZPAEN: zonas de protección para a alimentación de especies necrófagas.

Capítulo II: OBXECTO DO SEGURO

Asegúranse as explotacións das especies ovina e caprina.

1ª – GARANTÍAS

I. GARANTÍA BÁSICA

Cóbreanse os danos ocasionados nos animais polos riscos que se describen en “Riscos cubertos” para esta garantía.

II. GARANTÍAS ADICIONAIS

Para complementar a garantía básica, poderanse asegurar as garantías adicionais que se mencionan a continuación, que cobren os riscos que se detallan en “Riscos cubertos” e que se poderán elixir como se describe no anexo I.

1. SANEAMENTO POR BRUCELOSE
2. SANEAMENTO POR TUBERCULOSE CAPRINA
3. PASTOS ESTIVAIS
4. PASTOS INVERNAIS
5. COMPENSACIÓN POLA PERDA DE REPRODUTORES
6. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES
7. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES EN ZONAS “ZPAEN”

2ª – RISCOS CUBERTOS

I. GARANTÍA BÁSICA

Cóbreanse os danos que sufran os animais reprodutores e de recría cando sexan consecuencia dos seguintes riscos.

1. ACCIDENTE

Morte ou sacrificio necesario do animal asegurado, cando sexa consecuencia de calquera accidente dos que a continuación se relacionan:

- Raio
- Inundación
- Neve
- Incendio
- Afogamento
- Estrangulamento

- Electrocuci3n
- Atropelo
- Caída por penedos ou terrapléns
- Asfixia
- Derrubamento
- Amoreamentos
- Ataque de animais
- Intoxicaci3n aguda
- Meteorismo (s3 en animais estabulados)

2. FEBRE AFTOSA

Ante a comunicaci3n oficial pola autoridade competente de aparici3n de febre aftosa ou da súa sospeita c3brese:

- Os sacrificios obrigatorios dos animais.
- A morte de animais por febre aftosa.
- A inmovilizaci3n a que sexa sometida a explotaci3n, no per3odo de vixencia do seguro por un tempo m3nimo de 21 d3as e ata un m3ximo de 17 semanas en todo o per3odo de vixencia do seguro, cunha compensaci3n econ3mica por animal e semana completa de inmovilizaci3n. Consideraranse os d3as que non completen unha semana como unha semana m3is.

3. MORTALIDADE MASIVA DE REPRODUTORES:

C3brese a morte simult3nea (e o sacrificio necesario) provocada por un mesmo evento de polo menos 5 reprodutores para as explotaci3ns de ata 100 reprodutores, m3is 1 reprodutor por cada centena de m3is, tendo en conta que os animais reprodutores que non completen unha centena contar3n como unha centena m3is. As mortes que deriven do dito evento nos 10 d3as seguintes 3 data na que se produciu tam3n estar3n cubertas.

Superado o m3nimo indemnizable, os animais de recr3a sinistrados no evento tam3n estar3n cubertos.

4. PRURIGO LUMBAR

Para explotaci3ns de aptitude l3ctea ou de raza pura, compensa polo valor dos animais establecido nos termos previstos nestas condici3ns ante o sacrificio obrigatorio por prurigo lumbar ovino ou caprino declarado indemnizable polos servizos oficiais veterinarios, polos resultados das probas iniciadas no per3odo de vixencia do seguro.

Estar3n tam3n cubertos os animais que nazan na explotaci3n durante a vixencia da p3liza e deban ser sacrificados obrigatoriamente por prurigo lumbar.

II. GARANTÍAS ADICIONAIS

1. SANEAMENTO GANDEIRO POR BRUCELOSE

Para as explotacións:

- De raza pura ou de aptitude láctea cualificadas como M3 ou M4 (indemnes ou oficialmente indemnes a brucelose), ou:
- Que contratasen esa garantía no plan anterior e contraten esta liña renovando a garantía no prazo de 30 días tras o vencemento da póliza anterior.

Compénsase polo valor dos animais establecido nos termos previstos nestas condicións ante o sacrificio obrigatorio por SANEAMENTO GANDEIRO declarado indemnizable polos servizos oficiais veterinarios, polos resultados das probas iniciadas no período de vixencia do seguro, debido á brucelose ovina ou caprina por *Brucella melitensis*.

A cobertura inclúe os animais nados na explotación tras a proba de saneamento que se inclúan nun baleiro sanitario.

Para esta garantía a data de sinistro será a de inicio das probas na explotación, salvo que houberse unha suspensión ou unha perda de cualificación motivada por unha detección da enfermidade fóra de explotación; nese caso a data será a desa detección.

2. SANEAMENTO GANDEIRO POR TUBERCULOSE CAPRINA

Para explotacións caprinas de aptitude láctea ou de raza pura que:

- Contratasen esa garantía no plan anterior e contraten esta liña renovando a garantía no prazo de 30 días tras o vencemento da póliza anterior.
- Estean cualificadas como C3 (indemnes á tuberculose caprina).

Compénsase polo valor dos animais establecido nos termos previstos nestas condicións ante o sacrificio obrigatorio declarado indemnizable polos servizos oficiais veterinarios, polos resultados das probas iniciadas no período de vixencia do seguro, debido á tuberculose caprina.

A cualificación como indemne deberíase obter, como máximo, nos catro meses previos á contratación.

A garantía inclúe os animais nados na explotación tras a proba de saneamento que se sacrifiquen nun baleiro sanitario.

Para esta garantía a data de sinistro será a de inicio das probas na explotación, salvo que houberse unha suspensión ou unha perda de cualificación motivada por unha detección da enfermidade fóra de explotación; nese caso a data será a desa detección.

3. PASTOS ESTIVAIS

Para explotacións:

- M3 ou M4, ou
- Que contrataron esta garantía no plan anterior con cualificación M3 ou M4 e a renoven no prazo de 30 días tras o vencemento da póliza anterior.

Compensa polo período de tempo no que os animais non poden acceder aos pastos entre as datas do un de maio a trinta e un de outubro, por orde da Administración competente, tras as probas de saneamento gandeiro por brucelose.

Só poderá contratarse esta garantía para as explotacións de aptitude resto en réxime extensivo que tradicionalmente aproveiten os pastos pertencentes a un REGA (Rexistro de explotación gandeira) diferente do habitual.

A data na que se considerará ocorrido o sinistro para esta garantía será a do primeiro día no que a inmovilización coincida dentro do período garantido.

4. PASTOS INVERNAIS

Para explotacións:

- M3 ou M4, ou
- Que contrataron esta garantía no plan anterior con cualificación M3 ou M4 e a renoven no prazo de 30 días tras o vencemento da póliza anterior.
- Compensa polo período de tempo no que os animais non poden acceder aos pastos entre as datas do un de novembro a trinta e un de abril, por orde da Administración competente, tras as probas de saneamento gandeiro por brucelose.

Só poderá contratarse esta garantía para as explotacións de aptitude resto en réxime extensivo que tradicionalmente aproveiten os pastos pertencentes a un REGA (Rexistro de explotación gandeira) diferente ao habitual.

A data na que se considerará ocorrido o sinistro para esta garantía será a do primeiro día no que a inmovilización coincida dentro do período garantido.

5. COMPENSACIÓN POLOS PREXUÍZOS DEBIDOS Á PERDA DE REPRODUTORES

Compensa polo prexuízo ocasionado pola morte de reprodutores a consecuencia de incendio, inundación, ataque de animais ou amoreamento. A compensación consistirá no 40 % do valor unitario de cada reprodutor sinistrado.

6. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

Cóbreanse os gastos derivados da **retirada**, desde un lugar accesible para camiións na entrada da explotación e ata o lugar de destrución, de todos os cadáveres de animais obxecto deste seguro mortos por calquera causa na explotación, incluíndo o custo da súa destrución.

Tamén están cubertos polas garantías do seguro os animais mortos fóra das explotacións aseguradas e nos seguintes supostos:

- a) Transhumancias, caso en que serán indemnizables os animais mortos en comunidades autónomas nas que exista liña de seguro de retirada e destrución.
- b) Durante o transporte cara aos matadoiros ou outros lugares de destino, e sempre antes da súa entrada nos currais ou zona de descarga de animais, baixo as seguintes condicións:
 - 1st) Débese comunicar o sinistro a Agroseguro ou á empresa xestora, de ser o caso, o mesmo día da descarga dos animais no matadoiro.
 - 2nd) A retirada debe realizala, dentro das 24 horas seguintes á comunicación, a empresa xestora correspondente ao asegurado de entre as que operan dentro do sistema de seguros agrarios combinados, e non será válida ningunha outra que poida ter contrato privado co matadoiro.
 - 3rd) A empresa xestora deberá poder pesar os cadáveres retirados e adxudicalos á póliza da explotación asegurada da que proceden os animais.
 - 4th) O gandeiro deberá poder acreditar, se así lle for requirido por Agroseguro, o certificado oficial do movemento ao matadoiro ou a outro destino ou calquera outro documento oficialmente aprobado.
 - 5th) Deberase cumprir a normativa en materia de protección dos animais durante o seu transporte.
- c) Estancia en certames ou mercados, sempre que os animais estean identificados individualmente e poidan imputarse á póliza do titular do seguro. Será a xestora autorizada na comunidade autónoma onde se produza a morte do animal a encargada de realizar a retirada. O asegurado poderá elixir libremente a empresa xestora naquelas comunidades autónomas que teñan máis dunha autorizada.

Así mesmo, están cubertos polas garantías do seguro os sacrificios de animais na explotación decretados pola Administración por motivos sanitarios.

Ademais, compensarase contra factura o gasto de material funxible, maquinaria e man de obra precisos para o enterramento *in situ* autorizado pola autoridade competente, por motivos zosanitarios, ata o límite da cantidade maior entre o 20 % do capital asegurado ou 600 euros por enterramento.

Non será necesaria a existencia de contedores individuais nos seguintes casos:

- Nas comunidades de Cantabria, Galicia, A Rioxa, Asturias, Madrid, Murcia e Castela e León.
- Nas explotacións extensivas da Comunidade Autónoma de Andalucía.
- Na Comunidade de Canarias, cando a retirada se efectúe desde os puntos intermedios establecidos no seu caso.

Comunidade de Madrid: non estarán garantidos os cordeiros, é dicir, garántense os animais que teñan marca auricular oficial de saneamento gandeiro e, no caso de explotacións declaradas oficialmente indemnes a brucelose, cóbrense aqueles animais que teñan un peso superior a 20 quilogramos.

Para que proceda o pagamento da indemnización, será condición imprescindible que as circunstancias da destrución dos cadáveres sexan convenientemente acreditadas pola empresa xestora.

7. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES EN ZPAEN

Para as explotacións de ovino e caprino de reprodución e recría que dispoñan da autorización correspondente para xestionar os seus cadáveres en zona de protección para a alimentación de especies necrófagas (ZPAEN), cóbrense, co mínimo indemnizable previsto na condición 24ª, os gastos derivados da retirada, desde un lugar accesible para camións na entrada da explotación e ata o lugar de destrución, dos cadáveres de animais obxecto deste seguro mortos por calquera causa na explotación, incluíndo o custo da súa destrución. Tamén están cubertos polas garantías do seguro os sacrificios de animais na explotación decretados pola Administración por motivos sanitarios.

3ª – LIMITACIÓNS E EXCLUSIÓN

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Quedan expresamente excluídos das garantías deste seguro:

- Os sacrificios decretados pola Administración como consecuencia de probas diagnósticas iniciadas antes da toma de efecto do seguro.
- Os animais que cheguen aos matadoiros mortos ou sexan sometidos a un sacrificio de urxencia en matadoiro, e cuxo transporte a este incumpra a normativa en materia de protección dos animais durante o seu transporte. Estes feitos serán documentados polos servizos veterinarios oficiais do matadoiro.

II. XERAIS PARA O RESTO DE GARANTÍAS

1. Ademais das exclusións previstas na condición cuarta das xerais, quedan excluídos de todas as garantías:
 - Incendio cando non exista a correspondente denuncia ou parte oficial de incendio.
 - Calquera suceso que lles aconteza ás crías, fóra do curro, cando non estean coas nais ou cando sobre estas non haxa signos manifestos do mesmo accidente.
 - Morte ou sacrificio necesario dos animais asegurados como consecuencia de accidentes de tráfico cando non exista o correspondente atestado da autoridade competente.
 - Morte ou sacrificio necesario dos animais asegurados cando non se poida constatar a causa no momento de realizar a taxación.
2. A comprobación do sinistro realizarase en todos os casos mediante un técnico desprazado con este fin por AGROSEGURO para o exame do animal ou dos seus restos na explotación ou, se o asegurado decide sacrificar o animal, no matadoiro antes de que se produza o sacrificio. Non será indemnizable ningún sinistro no que non se realizase esta comprobación. Exceptúanse os casos nos que exista un pacto expreso previo ante comunicacións de sinistro que presenten un cadro agónico que requira o seu sacrificio nas 24 horas seguintes.

En ningún caso se admitirá a acreditación do sinistro por terceiros, **excepto no sacrificio obrigatorio por saneamento gandeiro ou febre aftosa, que quedará acreditado oficialmente pola autoridade competente.**
3. Non se amparan, en ningún caso, as consecuencias das intervencións non realizadas por un veterinario.
4. Non se indemnizarán os sinistros acontecidos sobre animais que nese momento non estean correctamente identificados e inscritos no libro de rexistro.
5. Non se indemnizarán os sinistros acontecidos en animais desdentados, entendendo por tales aqueles aos que, cos dentes incisivos extremos permanentes rasados, se lles evidencie a ausencia dalgún incisivo.
6. Quedan excluídos de todas as garantías os animais en acusado mal estado de carnes e os animais positivos nas probas de saneamento, salvo que, neste último caso, estean cubertos polas GARANTÍAS ADICIONAIS de saneamento.

III. POR GARANTÍAS

1. Limitacións á cobertura de febre aftosa:

- **Non terán cobertura as consecuencias de probas sanitarias iniciadas con anterioridade á toma de efecto do seguro.**
- **A compensación por inmovilización cubrirá, como máximo, 17 semanas.**

2. Exclusiones á mortalidade masiva de reprodutores:

- **Epizootias.**
- **Enfermidades infecciosas.**
- **Parasitose.**

3. Exclusiones á garantía de prurigo lumbar:

- **As explotacións que accedan por primeira vez ao seguro (ou contratasen esta garantía no plan anterior e transcorresen máis de 30 días desde a finalización das coberturas contratadas nese plan) e que rexistrasen algún caso de prurigo lumbar e aínda non se atopen en vixilancia intensificada, tal e como establece o programa nacional de vixilancia, control e erradicación do prurigo lumbar.**

Estas explotacións poderán subscribir o seguro para os riscos de accidentes, febre aftosa e morte masiva de reprodutores, da garantía básica como explotacións de non puras de aptitude resto, que para todos os efectos serán así consideradas.

4ª – PERÍODO DE GARANTÍAS

As garantías inicianse coa toma de efecto, unha vez finalizado o período de carencia, e terminarán ás cero horas do día no que faga un ano, contado desde a data de entrada en vigor do seguro e, en todo caso, coa venda, morte ou sacrificio non amparados.

As modificacións de capital vencerán o mesmo día no que se produza o vencemento da declaración de seguro inicial.

5ª – ELECCIÓN DE GARANTÍAS

Xunto coa garantía básica poderase contratar calquera das garantías adicionais, sen incompatibilidade entre elas, sempre que a explotación reúna os requisitos que se precisan para contratar as garantías, segundo se describe no anexo I.

No caso da garantía adicional de retirada e destrución, poderán acollerse á retirada “parcial” aquelas explotacións de ovino e caprino de reprodución e recría que dispoñan da autorización correspondente para xestionar os seus cadáveres en zona de aproveitamento para especies necrófagas.

Non poderán elixir a garantía de retirada e destrución os asegurados que teñan outras explotacións non asegurables aínda que sexan da mesma especie. Tampouco aqueles en cuxas explotacións as especies asegurables convivan con outras diferentes de gando vacún.

Capítulo III: BENS ASEGURABLES

6ª – ÁMBITO DE APLICACIÓN

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

O ámbito de aplicación esténdese a todas as explotacións asegurables das comunidades autónomas de ANDALUCÍA, ASTURIAS, ARAGÓN, BALEARES (MENORCA), CANARIAS, CANTABRIA, CATALUÑA, CASTELA E LEÓN, CASTELA-A MANCHA, ESTREMADURA, GALICIA, MADRID, MURCIA, NAVARRA, A RIOXA e COMUNIDADE VALENCIANA.

Están excluídos os sinistros acontecidos fóra do ámbito de aplicación do seguro, agás no caso das transhumancias, estancias en certames ou mercados e os garantidos en transporte ao matadoiro segundo a condición segunda.

II. RESTO DE GARANTÍAS

O ámbito de aplicación deste seguro esténdese a todas as explotacións asegurables nesta modalidade de seguro do territorio nacional.

Os animais asegurados están amparados en todo o ámbito de aplicación do seguro, tanto no domicilio da explotación como fóra del, situación da que poderá solicitarse acreditación mediante os documentos oficiais pertinentes. Excepcionalmente, os animais de explotacións aseguradas situadas en zonas de fronteira, que tradicionalmente aproveitan pasteiros cuxos límites están fóra do territorio nacional, consideraranse dentro do ámbito do seguro cando realicen estes aproveitamentos.

7ª – TITULAR DO SEGURO

Poderá ser o titular do seguro quen figure no REGA como titular do código da explotación ou dunha subexplotación dese código REGA. Igualmente poderá ser titular da póliza toda aquela persoa, física ou xurídica que, tendo interese no ben asegurable, figure nalgún apartado do devandito código REGA.

Non poderán asegurar os tratantes ou operadores comerciais.

8ª – EXPLOTACIÓNS ASEGURABLES

Serán asegurables todas as explotacións de gando ovino ou caprino de reprodución e recría que:

- Están rexistradas no REGA, polo que teñen asignado un código, que deberá figurar na declaración de seguro.
- Cumpran co establecido no Real decreto 685/2013, do 16 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

- Teñen inscritos todos os seus animais no correspondente libro de rexistro de explotación dilixenciado e actualizado, que coincidirá cos datos do REGA, co que o tomador ou o asegurado declarará a composición da explotación no momento da contratación.

Na póliza figurarán todos os códigos nacionais asignados polo REGA de todas as explotacións amparadas por esta póliza.

Considerarase domicilio da explotación o que figure no libro de rexistro, que deberá coincidir cos datos do REGA.

Terán consideración de explotacións diferentes para un mesmo asegurado:

- Aquelas que dispoñen dun código de explotación e dun libro de rexistro diferente.

As explotacións obxecto de aseguramento xestionadas por un mesmo gandeiro ou explotadas en común por entidades asociativas agrarias (sociedades agrarias de transformación, cooperativas, etc.), sociedades mercantís (sociedade anónima, limitada, etc.) e comunidades de bens deberán incluírse obrigatoriamente nunha única declaración de seguro.

Para os efectos da garantía adicional de retirada e destrución:

As explotacións, para ser asegurables, deberán dispoñer ao inicio das garantías do seguro de contedores que posibiliten a recollida dos animais, salvo nos casos previstos na condición especial segunda. Tamén se admitirán refrixeradores.

Nas explotacións extensivas da Comunidade de Andalucía que non dispoñan de contedor, os cadáveres deberán colocarse sobre unha superficie pavimentada fácil de limpar, fóra da zona de actividade gandeira.

Os contedores deberán ter unha capacidade apropiada ao volume da explotación, con tapa e mecanismo que permita cargalos con guindastre desde un camión. Na Comunidade de Navarra estarán dotados de microchip de lectura electrónica. Os sistemas de almacenaxe en frío (refrixeradores e conxeladores) tamén terán que ter unha capacidade adecuada ao volume da explotación.

Para os efectos do seguro considéranse os seguintes réximes:

1. R1. Réxime de explotación extensivo.

Entendido como aquel no que o gando permanece en réxime de pastoreo durante todo o período de explotación, excepto cando as condicións meteorolóxicas desfavorables ou outras circunstancias fagan necesario recoller os animais en curros ou recintos. En calquera caso, as parideiras serán pechadas.

2. R2. Réxime de explotación semiextensivo.

Entendido como aquel baseado no aproveitamento de pasteiros, cultivos e subprodutos agrícolas, complementado coa distribución de alimentos almacenados durante a permanencia dos animais dentro dos curros ou recintos.

3. R3. Réxime de explotación intensivo.

Entendido como aquel no que o gando permanece recollido permanentemente dentro de curros ou recintos.

No caso de que nun mesmo libro de rexistro coexista máis dun grupo de animais, sometidos a un réxime diferente, o asegurado deberá escoller, para os efectos do seguro, o correspondente ao réxime con maior censo de reprodutores.

GRUPOS DE RAZAS

En cada explotación, considerarase como un só grupo de raza, ben de aptitude láctea, ben de aptitude resto, o conxunto de ovinos ou caprinos que conformen a explotación.

- **EXPLOTACIÓN DE APTITUDE LÁCTEA**

Unha explotación terá esta consideración cando polo menos o 90 % das súas femias reprodutoras estean destinadas á produción láctea, e conte con máquina de muxir e tanque de refrixeración de leite, ambos coa suficiente dimensión para a produción láctea da explotación e en perfecto estado de funcionamento e mantemento.

- **EXPLOTACIÓN DE APTITUDE RESTO**

Unha explotación terá esta consideración cando non cumpra algún dos requisitos do parágrafo anterior.

ESPECIE

Para os efectos do seguro diferéncianse as especies ovina e caprina: as explotacións que dispoñan de ambas as especies poderán asegurarse elixindo a especie maioritaria.

EXPLOTACIÓN DE RAZA PURA CON CARTA XENEALÓXICA

Unha explotación terá esta consideración cando polo menos o 70 % dos seus animais reprodutores teña carta xenealóxica ou certificación emitida por unha asociación oficialmente recoñecida para facelo. No caso de razas puras, os animais estarán identificados en virtude da norma específica establecida na regulamentación do libro xenealóxico da raza.

Para os efectos do seguro admítense as cartas xenealóxicas emitidas por unha asociación oficialmente recoñecida para facelo. Admítense as cartas xenealóxicas expedidas polos organismos competentes dos terceiros países autorizados segundo a decisión da Comisión 2006/139/CE.

EXPLOTACIÓN DE PRODUCCIÓN ECOLÓXICA

Poderán asegurarse opcionalmente como ganderías ecolóxicas as explotacións así rexistradas, segundo as normas vixentes, que deberán estar sometidas aos controis que as certifiquen como tales, efectuados pola autoridade ou organismo de control de agricultura ecolóxica oficialmente recoñecido pola comunidade autónoma onde estea situada a explotación, así como dispor do plan de xestión de alimentación do gando e un libro de control sanitario debidamente actualizado e dilixenciado.

EXPLOTACIÓN INSCRITA NUNHA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

Poderán asegurarse opcionalmente como explotacións amparadas baixo a denominación de calidade “indicación xeográfica protexida” (IXP) aquelas cuxo titular estea inscrito nunha IXP con rexistro comunitario, e deberán estar sometidas aos controis de verificación do prego de condicións que as certifiquen como tales.

9ª – ANIMAIS ASEGURADOS

Para que un animal estea amparado polas garantías do seguro, deberá estar necesariamente identificado mediante o sistema de identificación e rexistro dos animais que establece o Real decreto 685/2013, do 16 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina. Non estará asegurada, e consecuentemente non terá dereito a ser indemnizada, ningunha res que, aínda estando correctamente identificada, non figure adecuadamente inscrita no libro de rexistro.

TIPOS DE ANIMAIS

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

En cada explotación considérase un só tipo de animal por réxime que inclúe todos os animais asegurables que pertencen ao réxime.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Para os efectos do seguro considéranse os seguintes tipos de animais:

1 - ANIMAIS REPRODUTORES.

- 1.1 - **SEMENTAIS:** machos destinados á cubrición, maiores de 12 meses de idade. Deben ser manexados de acordo co seu fin e o seu número debe estar acorde coa dimensión da explotación.
- 1.2 - **FEMIAS REPRODUTORAS:** femias maiores de 12 meses e as que parisen antes de alcanzar esta idade.

2 - ANIMAIS DE RECRÍA.

Animais de ambos os sexos que non teñen as características de animais reprodutores.

10ª – CLASE DE EXPLOTACIÓN

Para os efectos do establecido no artigo 4 do Regulamento para aplicación da Lei 87/1978, sobre seguros agrarios combinados, considéranse clase única todas as explotacións de gando ovino e caprino reprodutor e de recría.

O titular da explotación ou subexplotación que decida asegurar unha das súas explotacións queda obrigado a asegurar todas as da mesma clase que posúa no ámbito de aplicación deste seguro nunha única declaración de seguro.

Capítulo IV: CONDICIÓN DE ASEGURAMENTO

11ª – PERÍODO DE SUBSCRICIÓN

O tomador ou o asegurado deberá subscribir a declaración do seguro no período establecido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Carecerá de validez e non producirá efecto ningún a declaración que fose subscribita fóra destes prazos.

12ª – VALOR UNITARIO

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

O valor unitario, para os efectos do cálculo do capital asegurado e o pagamento da prima, obterase de multiplicar o peso do subproduto de referencia en quilos establecido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para cada grupo de raza, tipo de animal (onde proceda), polo prezo en €/quilo que corresponda, segundo o comunicado polas comunidades autónomas e AGROSEGURO ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Para os efectos do seguro, o valor unitario para aplicarllas aos animais asegurados, pagamento de prima e importe de indemnizacións serán únicos por tipo de animais asegurables. Serán fixados polo asegurado dentro dos límites establecidos para estes efectos polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Todos os animais da explotación terán que asegurarse na mesma porcentaxe respecto do valor unitario máximo que para cada tipo establece ENESA.

13ª – NÚMERO DE ANIMAIS

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

O asegurado declarará o censo habitual do seu ciclo produtivo actualizado e coincidente co REGA na data de realización do seguro de cada unha das súas explotacións.

Deberá declarar a suma do censo que figure para cada código REGA nas categorías “reprodutores macho” e “reprodutores femia”.

En Cataluña declararase a suma de censo das categorías “femias”, “sementais”, “reposición” e “fase intermedia”.

II. RESTO DE GARANTÍAS

No momento de subscribir o seguro, atendendo á información do censo que figure no REGA, o asegurado declarará o número de animais reprodutores e recrías que compoñen cada unha das súas explotacións.

14ª – BONIFICACIÓNS E RECARGAS

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Aos asegurados que contraten esta garantía aplicaráselles unha bonificación ou unha recarga na prima, na contía e cos requisitos que se establecen a continuación.

O gandeiro ou a explotación que non contratase nos tres últimos plans o seguro de retirada e destrución accederá a este seguro sen bonificacións nin recargas.

GRUPO ASIGNADO A CADA ASEGURADO

A cada asegurado asignaráselle un grupo, baseándose na seguinte información dos anteriores seguros de retirada:

- Sumatorio das indemnizacións dos tres plans anteriores.
- Sumatorio da prima de risco recargada dos tres plans anteriores.
- Ratio dos sumatorios de indemnizacións a prima dos dous puntos anteriores.

Coefficiente de indemnización a prima de risco recargada (%)									
Ata 15	>15 e ata 30	>30 e ata 45	>45 e ata 55	>55 e ata 75	>75 e ata 110	>110 e ata 120	>120 e ata 130	>130 e ata 145	>145
Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	Neutro	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 40

Non obstante, límitase para cada asegurado a un único cambio de estrato, que será o superior ou o inferior con respecto ao que tivese no anterior plan asegurado (*orientado no sentido da nova ratio calculada*).

Para os asegurados que asegurasen unicamente un dos tres plans, a táboa que se aplica será:

Coefficiente de indemnización a prima de risco recargada (%)				
Ata 30	>30 e ata 55	>55 e ata 130	>130 e ata 160	>160
Bonif. 20	Bonif. 10	Neutro	Recar. 10	Recar. 20

Onde:

- Coeficiente de indemnización a prima de risco recargada (datos do seguro de retirada):
 - * Base de cálculo: información procedente dos tres últimos plans; se a última póliza contratada se corresponde co plan anterior ao que se vai contratar, para esa terase en conta o período comprendido desde o inicio das garantías ata catro meses antes do vencemento destas.
 - * Para aqueles asegurados cun único ano de contratación, se este é o plan anterior ao que se vai contratar, terase en conta o período dos 8 primeiros meses da póliza que vence.

- * Indemnización: a suma de todas as indemnizacións aboadas no período indicado na base de cálculo e que estean aboadas na “data do estudo” da medida asignada aos asegurados.
- * Prima de risco recargada: a prima de risco recargada neta de bonificacións e recargas da base de cálculo. Ao ter en conta as primas do plan 2015 e sucesivos, pola nova formulación establecida, a prima de risco recargada que se terá que considerar será neta de consorcio, ademais de neta de bonificacións e recargas. A prima correspondente ao último ano de contratación, se se corresponde co plan anterior ao que se vai contratar, dividirase entre 12 meses e multiplicarase por 8.
- * O resultado de dividir a suma de indemnizacións pola suma de primas de risco recargada antes calculada, multiplicado por 100, determinará o coeficiente da táboa (entrada de columna na táboa). **O arredondamento desta división hase facer ao enteiro inmediatamente inferior ou superior segundo a parte decimal do resultado do cálculo sexa inferior a 0,01 ou igual ou superior a esta cantidade, respectivamente.**

II. RESTO DE GARANTÍAS

1. **O gandeiro ou a explotación que non contratase nos tres últimos plans a liña 111 accederá a estas garantías sen bonificacións nin recargas.**
2. Para o gandeiro ou a explotación que contratase a liña 111 en só un dos tres plans anteriores, logo de polo menos tres plans sen contratar, a prima que se pagará para estas garantías será axustada conforme as bonificacións ou recargas que se especifican na táboa I.
3. Nos casos en que o gandeiro ou a súa explotación contratase a liña 111 polo menos unha vez nos últimos tres plans, tras contratar esa liña anteriormente sen unha interrupción entre elas superior a dous plans, e contrate esta liña 404, a prima que se pagará para estas garantías será axustada conforme as bonificacións ou recargas que se especifican na táboa II.

Táboa I

Coeficiente de indemnización a prima comercial neta (%)							
Ata 25	26 ao 40	41 ao 55	56 ao 70	71 ao 85	86 ao 100	101 ao 125	> de 125
Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	NEUTRO	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 50

Táboa II

Condición anterior	Coeficiente de indemnización a prima comercial neta (%)							
	Ata 25	26 ao 40	41 ao 55	56 ao 70	71 ao 85	86 ao 100	101 ao 125	> de 125
Bonif. 50 %	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10
Bonif. 40%	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO
Bonif. 30%	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	NEUTRO
Bonif. 20%	Bonif. 40	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20
Bonif. 10%	Bonif. 30	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30
Neutro 0 %	Bonif. 20	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50
Recar. 10 %	Bonif. 10	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75
Recar. 20%	NEUTRO	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100
Recar. 30%	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150
Recar. 50%	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150
Recar. 75%	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150
Recar. 100%	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150
Recar. 150%	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150

• Onde:

- Condición anterior: bonificación ou recarga obtida tras a última contratación do seguro.
- Coeficiente de indemnización a prima comercial neta (datos da serie deste seguro):
 - Base de cálculo: o período comprendido entre 4 meses antes do vencemento da última póliza contratada ata 4 meses antes do vencemento da póliza anterior á última contratada. Para os asegurados novos, a base de cálculo será o período comprendido desde a data de entrada en vigor do seguro ata 4 meses antes do vencemento da póliza.
 - Indemnización: a suma de todas as indemnizacións aboadas no período indicado na base de cálculo.
 - Prima comercial neta: a prima comercial neta de bonificacións íntegra, incrementada coas recargas, se as houberse, do último seguro contratado. As modificacións de prima comercial neta fóra do período “base de cálculo” non se terán en conta.
 - O resultado de dividir a suma de indemnizacións antes calculadas pola prima comercial neta, multiplicado por 100, determinará o coeficiente da táboa (entrada de columna na táboa). **O arredondamento desta división hase facer ao enteiro inmediatamente inferior ou superior segundo a parte decimal do resultado do cálculo sexa inferior a 0,01 ou igual ou superior a esta cantidade, respectivamente.**

15ª – CONDICIÓN TÉCNICAS MÍNIMAS DE MANEXO

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Serán as establecidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para que os bens estean garantidos.

O incumprimento grave das condicións técnicas mínimas de explotación e manexo suporá a perda do dereito á indemnización dos eventuais sinistros.

En tal sentido, o asegurado está obrigado a facilitar o acceso á explotación e á documentación precisa con motivo dunha inspección de comprobación do cumprimento das condicións técnicas mínimas.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Serán as establecidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ademais das esixibles en cumprimento do Real decreto 2611/1996 polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, así como as de protección dos animais do Real decreto 348/2000 e calquera outra norma sanitaria estatal ou autonómica en vigor que afecte as enfermidades amparadas polo seguro.

No caso de deficiencia no cumprimento das condicións técnicas mínimas de explotación e manexo, o asegurador poderá reducir a indemnización en proporción á importancia dos danos que dela deriven e ao grao de culpa do asegurado.

No caso do incumprimento grave das condicións técnicas mínimas de explotación e manexo, o asegurado incorrerá en causa de suspensión de garantías, o que suporá a perda do dereito a indemnizacións para a súa explotación mentres non se corrixan esas deficiencias.

Do mesmo xeito, que o asegurado ou asegurados impidan o acceso á explotación e á documentación precisa, con motivo dunha inspección de comprobación do cumprimento das condicións técnicas mínimas, terá como consecuencia a perda do dereito ás indemnizacións da explotación afectada, ata que non se verifique o seu cumprimento.

A reiteración de sinistros por unha mesma causa implicará a adopción das medidas de manexo necesarias para previr o seu acontecemento. Agroseguro comunicará a perda do dereito ás indemnizacións da explotación afectada se, unha vez notificadas, o asegurado non procede á súa inmediata aplicación.

16ª – PAGAMENTO DA PRIMA

O pagamento da prima única poderá efectuarse dalgunha das dúas formas seguintes:

A) Ao contado

O pagamento realizarao o tomador do seguro, no período de subscrición establecido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, mediante un ingreso directo ou transferencia bancaria a favor da conta de AGROSEGURO, aberta na entidade de crédito que AGROSEGURO estableza no momento da contratación.

A data de pagamento da prima será a que figure no xustificante bancario como data do ingreso directo ou data da transferencia. A copia deste xustificante deberase remitir a AGROSEGURO cando sexa requirido.

Para estes efectos, en ningún caso se entenderá realizado o pagamento cando este se lle efectúe directamente ao mediador de seguros.

Para estes efectos, enténdese por data da transferencia a de recepción na entidade de crédito da orde de transferencia, sempre que entre esta e a data na que a orde efectivamente se cursase ou executase non medie máis dun día hábil. Polo tanto, cando entre a data de recepción da orde e a do curso efectivo desta pola entidade de crédito medie máis dun día hábil, considerarase data de pagamento da prima o día hábil anterior á data en que a entidade efectivamente cursase ou executase a transferencia.

Así mesmo, Agroseguo aceptará como data de orde de pagamento a do xustificante da transferencia cursada onde figure a data de execución da orde.

Para aquelas declaracións de seguro que se subscriban o último día do período de subscrición do seguro, considerarase como pagamento válido o realizado no seguinte día hábil ao do remate do prazo de subscrición.

Carecerá de validez e non producirá efecto ningún a declaración de seguro cuxa prima non fose pagada dentro do prazo establecido.

B) Fraccionada

Poderase acceder a esta forma de pagamento cando no momento de subscribir a declaración de seguro se cumpran simultaneamente os seguintes requisitos:

- O seguro debe ter un custo a cargo do tomador superior ao límite establecido pola Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) no momento da contratación.
- O asegurado debe ter o correspondente aval afianzado de SAECA por unha contía que debe cubrir polo menos o importe da prima fraccionada.

O pagamento da prima única realizarase en fraccións, segundo se especifica a continuación:

Primeira fracción: corresponderase polo menos coa contía ou porcentaxe establecida por SAECA no momento da contratación, sobre o importe do custo do seguro a cargo do tomador, máis o total da contía que corresponda polo fraccionamento e o aval, que serán aboados no mesmo momento da subscrición do seguro, sendo de aplicación todo o especificado para o pagamento ao contado.

No caso de que o aval afianzado non acadase o total das seguintes fraccións, o exceso por riba do importe avalado deberá ser aboadado na primeira fracción; de non ser así, entenderase que a primeira fracción non foi aboada e, polo tanto, non terá efecto o pagamento.

Seguintes fraccións: corresponderanse co resto do importe do custo do seguro a cargo do tomador non aboadado na primeira fracción, que será pagado mediante recibo que se presentará para cobramento nos prazos previstos na declaración de seguro.

O cobramento realizarase mediante domiciliación bancaria na conta corrente do asegurado sinalada na declaración do seguro. Nesta conta corrente realizaranse ademais os pagamentos por indemnizacións dos sinistros.

Cando se produzan modificacións na declaración de seguro que supoñan unha regularización das primas, procederase a aboar ou cargar a dita regularización na conta corrente do asegurado sinalada na declaración de seguro, e non afectará a contía das seguintes fraccións.

As seguintes fraccións entenderanse satisfeitas na data de emisión do recibo correspondente salvo que, tentado o cobramento, se producise a devolución do recibo por calquera causa non imputable a AGROSEGURO.

No caso de non satisfacerse algunha das seguintes fraccións, AGROSEGURO notificaralle por escrito ao asegurado a falta de pagamento, e concederlle a oportunidade de aboar este importe. No caso de non producirse este pagamento, pasado un mes do vencemento, AGROSEGURO iniciará os trámites con SAECA co fin de executar o correspondente aval.

17ª – ENTRADA EN VIGOR

O seguro entrará en vigor ás cero horas do día seguinte a aquel en que o tomador do seguro pague a prima única, sempre que previa ou simultaneamente se formalizase a declaración de seguro.

A entrada en vigor das modificacións de capital asegurado notificadas polo asegurado no impreso correspondente será a data da súa recepción en AGROSEGURO, no seu domicilio social, c/ Gobelos, 23 – 28023 MADRID.

Para os asegurados que paguen a prima e realicen un novo contrato de seguro nun prazo de 10 días antes ou despois da fin das garantías dun seguro de explotación de gando ovino e caprino anterior, considerarase como data de entrada en vigor do novo seguro a do final das garantías do anterior.

Toma de efecto

A toma de efecto das garantías producírase unha vez concluído o período de carencia.

18ª – PERÍODO DE CARENCIA

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Establécese un período de carencia de 7 días completos contados desde a entrada en vigor do seguro. Os gandeiros xa asegurados no plan inmediatamente anterior na liña de retirada que realicen un novo contrato de seguro e paguen a prima nun prazo de dez días antes ou despois da fin das garantías do seguro anterior non terán carencia.

Os novos animais incluídos na explotación ao longo da vixencia do seguro estarán cubertos a partir das cero horas do día seguinte a aquel en que se comunique a súa introdución, data que AGROSEGURO poderá contrastar coa documentación oficial que o titular está obrigado a manter.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Establécese un período de carencia en días completos, contados desde as cero horas do día de entrada en vigor do seguro, de:

1. 20 días: para os riscos relativos a febre aftosa e prurigo lumbar.
2. 7 días: para o resto.

Os animais nados na explotación durante o período de vixencia do contrato non estarán sometidos a carencia a partir da toma de efecto do seguro.

As explotacións que sexan novamente aseguradas ata os 10 días seguintes á terminación do contrato anterior non estarán sometidas ao período de carencia do novo seguro contratado.

19ª – CAPITAL ASEGURADO, CAPITAL GARANTIDO E COBERTURA

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

O capital asegurado fíxase no 100% do valor asegurado da explotación.

Valor asegurado para esta garantía

Obterase de multiplicar o censo habitual do ciclo produtivo (segundo a condición especial 13ª) polo valor unitario correspondente.

II. RESTO DE GARANTÍAS

O capital asegurado da explotación fíxase no 100% do valor asegurado da explotación.

CÁLCULO DO VALOR DA EXPLOTACIÓN:

Resulta da suma dos resultados de multiplicar o número de animais de cada tipo que posúe o asegurado no ámbito de aplicación do seguro polo valor unitario correspondente.

VALOR ASEGURADO DA EXPLOTACIÓN:

Obtense sumando os resultados de multiplicar o número de animais de cada tipo incluídos polo asegurado na declaración de seguro polo valor unitario que escollese para cada tipo.

MODIFICACIÓNS DO CAPITAL ASEGURADO

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR AUMENTO DO CENSO DA EXPLOTACIÓN:

No caso de que ao longo da vida do contrato a explotación aumentase o censo habitual do seu ciclo produtivo, o asegurado deberá remitirle a AGROSEGURO no seu domicilio social, c/ Gobelos 23, 28023 MADRID, o documento de modificación do capital asegurado.

Se AGROSEGURO solicitase a documentación que avale o cambio, o asegurado estará obrigado a facilitarlle.

AGROSEGURO procederá a emitir o recibo da prima correspondente ao período comprendido entre a entrada en vigor da modificación e o vencemento da póliza.

En caso de sinistro, cando se supere o capital asegurado ou se efectúe a indemnización correspondente aos animais correctamente asegurados, se se inclúen novos animais na explotación teranse que dar de alta, como unha modificación do capital asegurado.

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR DIMINUCIÓN DO CENSO DA EXPLOTACIÓN:

No caso de que ao longo da vida do contrato a explotación diminuíse o censo do seu ciclo produtivo, o asegurado poderá solicitar a devolución da prima comercial correspondente á diminución de censo experimentado, e remitirle a AGROSEGURO no seu domicilio social, c/ Gobelos, 23, 28023 MADRID, o impreso correspondente.

No caso de alertas sanitarias tamén poderá ser solicitada a devolución da prima comercial correspondente naqueles casos nos que as autoridades competentes prohiban levar a cabo as recollidas de cadáveres nas explotacións.

A prima comercial devolta será a correspondente ao período comprendido entre a comunicación da modificación por diminución da capacidade/censo e o vencemento da póliza.

II. RESTO DE GARANTÍAS

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR ALTA DE ANIMAIS:

O asegurado deberá modificar o capital asegurado cando:

- Se consuma o capital asegurado.
- Se produza a morte ou un sacrificio obrigatorio indemnizado de todos os animais da explotación.
- O infraseguro sexa superior ao 10%.

Constatado un infraseguro superior ao 10%, á indemnización dos animais sinistrados aplicaráselle unha redución por regra proporcional.

Se o infraseguro é superior ao 20%, Agroseguro procederá á suspensión de garantías. As garantías non volverán tomar efecto ata que o asegurado, mediante unha modificación, actualice o valor asegurado das explotacións incluídas na declaración.

Por este motivo deberá remitir ás oficinas centrais de Agroseguro o documento habilitado para tal efecto.

Agroseguro procederá a emitir o recibo da prima correspondente ao período comprendido entre a entrada en vigor da modificación e o vencemento da póliza.

Nas modificacións de capital asegurado non poderán modificarse as coberturas contratadas na declaración de seguro inicial.

As modificacións por alta de animais que se realicen no período no que exista unha situación que determine a adopción de medidas sanitarias de calquera nivel por parte da Administración non se terán en conta para sinistros debidos a esa situación. Neste caso o número de animais que se considerarán asegurados será o que tivese no momento previo á situación de alarma.

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR BAIXA DE ANIMAIS:

Nos casos de sobreseguro superior ao 10% pola venda, morte ou sacrificios non amparados polo seguro, o asegurado poderá solicitar a devolución da prima comercial correspondente ao capital dos animais que causen baixa.

A prima comercial que se devolverá será a que corresponda ao período comprendido entre a comunicación da modificación por baixa e o vencemento da póliza.

20ª – OBRIGAS DO TOMADOR OU DO ASEGURADO

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

- Incluir na declaración de seguro a totalidade de animais ovinos e caprinos de todas as explotacións que posúa no ámbito de aplicación deste seguro.

O incumprimento desta obriga, se o valor da explotación é superior en máis dun 7% ao valor asegurado, dará lugar á perda do dereito á indemnización.

O asegurado terá un prazo de 5 días hábiles desde o requirimento fidedigno de Agroseguro por tal incidencia para proceder ao aseguramento correcto das súas explotacións.

Agroseguro procederá a emitir o recibo da prima correspondente a todo o período de garantías establecido no seguro, incrementada nun 10 % cando a diferenza do valor da explotación sexa superior ao valor asegurado entre un 7 % e un 20 %, e nun 15 % se a diferenza é superior a un 20 %.

- Ademais, o tomador do seguro ou o asegurado deberá remitir semanalmente a Agroseguro, a través da xestora que realice a retirada e destrución do cadáver, a relación de quilos retirados diariamente por cada código REGA, destruídos conforme a lexislación vixente.
- No caso de sinistro, Agroseguro poderá requirirlle ao tomador do seguro ou asegurado o certificado de destrución dos cadáveres, conforme o especificado na segunda condición especial, no que conste claramente a identificación e os datos do libro de rexistro de explotación á que pertencen os animais. Esta documentación tamén poderá remitila a xestora que realice a retirada e destrución dos animais mortos.
- Para a contratación da garantía de retirada e destrución de cadáveres para zonas ZPAEN deberá enviar a autorización específica.

O incumprimento das obrigas previstas, cando impida a adecuada valoración do risco ou das circunstancias e consecuencias do sinistro, suporá a perda do dereito á indemnización que lle puidese corresponder ao asegurado.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Ademais do establecido na condición xeral oitava, o tomador do seguro e o asegurado están obrigados a:

1. Incluir no seguro a totalidade de explotacións de animais reprodutores e recría de gando ovino e caprino que posúa no territorio nacional. O incumprimento desta obriga, salvo casos debidamente xustificados, dará lugar á perda do dereito á indemnización.

2. Manter actualizado o libro de rexistro da explotación, seguindo o establecido no Real decreto 685/2013, do 16 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina. No momento en que se observen defectos graves na identificación e inscrición das reses, Agroseguro poderalle comunicar ao asegurado a suspensión das garantías ata a acreditación de que o libro de rexistro foi actualizado.
3. Ao contratar o seguro, o tomador ou o asegurado deberá declarar a cualificación en vigor da súa explotación e os resultados das dúas últimas probas oficiais de saneamento realizadas na súa explotación.
4. Permitirlles a Agroseguro e aos técnicos por ela designados a inspección en todo momento dos bens asegurados, e facilitarlles a entrada nas instalacións das explotacións aseguradas e o acceso á documentación que teña no seu poder en relación con estas.

Especialmente, deberá:

- * Facilitarlles a comprobación do libro de rexistro, así como documentos adicionais sobre traslados, compras, vendas e sacrificios de animais no matadoiro e as súas certificacións.
 - * Facilitarlles o certificado oficial veterinario ou informe veterinario, expedido polo facultativo implicado no proceso de que se trate. Os gastos orixinados por este motivo corren a cargo do asegurado.
5. Comunicar todas as circunstancias e incidencias danosas susceptibles de agravar o risco.
 6. Cando se produza un sinistro debido á febre aftosa deberá ademais achegar a documentación oficial necesaria para comprobar, de ser o caso:
 - O número de animais aos que lles provocase a morte.
 - O número de animais sacrificados obrigatoriamente por parte da Administración.
 - O tempo de inmovilización da explotación decretado oficialmente pola autoridade competente.
 7. En caso de sacrificio por prurigo lumbar o tomador ou asegurado queda obrigado a remitirlle a Agroseguro, unha vez realizado o sacrificio:
 - A copia do documento emitido pola autoridade, acreditativo do dereito a indemnización por sacrificio.
 - A documentación oficial que acredita o cumprimento dos requisitos de aseguramento. Especialmente a relativa a que están ou superaron o período de vixilancia antes mencionado, ou a que non se rexistrou ningún caso de prurigo lumbar.
- Para o cálculo da indemnización, a valoración de animais como reprodutores ou recría basearase na información subministrada pola Administración.

8. En caso de sacrificio de ovinos ou caprinos por brucelose, ou de caprinos por tuberculose caprina, o tomador ou asegurado queda obrigado a remitirlle a Agroseguro, unha vez realizado o sacrificio:
- A copia do documento emitido pola autoridade, acreditativo do dereito a indemnización por sacrificio.
 - A documentación oficial das probas de saneamento que acreditan o cumprimento dos requisitos de aseguramento.

O incumprimento das obrigas previstas, cando impida a adecuada valoración do risco ou das circunstancias e consecuencias do sinistro, suporá a perda do dereito á indemnización que lle puidese corresponder ao asegurado.

Capítulo V: SINISTRO E INDEMNIZACIÓN

21ª – COMUNICACIÓN DE SINISTROS

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

No caso de que o animal asegurado morra, o tomador do seguro, asegurado ou beneficiario deberá comunicarllo a AGROSEGURO ou á xestora correspondente ao seu territorio, mediante comunicación telefónica ou a través da web.

II. SINISTROS DE SANEAMENTO POR BRUCELOSE O TUBERCULOSE

O tomador ou o asegurado deberá comunicar a AGROSEGURO, no prazo de 24 horas, a existencia de calquera resultado positivo a saneamento.

III. RESTO DE GARANTÍAS

No caso de que o animal asegurado sexa vítima dun risco cuberto, o tomador do seguro, asegurado ou beneficiario deberá comunicalo a Agroseguro no prazo de 24 horas, preferentemente mediante comunicación telefónica.

Indicaranse como mínimo os seguintes datos:

- CIF/DNI do asegurado.
- Nome e apelidos do asegurado.
- Número de referencia da declaración de seguro individual ou aplicación.
- Número de identificación do animal.
- Lugar do sinistro.
- O momento no que comezou a causa que o orixina.
- Causa do sinistro.
- Número de teléfono de contacto para a peritaxe.

Así mesmo, deberá tomar todas as medidas necesarias para a conservación do animal ou dos seus restos, de forma que este estea, durante polo menos as 72 horas seguintes á notificación, á disposición de AGROSEGURO para unha eventual necropsia.

22ª – INSPECCIÓN DOS DANOS

Para as garantías diferentes á da retirada e destrución de cadáveres, comunicado o suceso dun sinistro polo tomador do seguro ou polo asegurado, na forma e prazos establecidos, Agroseguro procederá á inspección e taxación dos danos, no prazo de 48 horas, contadas desde o momento da recepción da comunicación no seu domicilio social.

23ª – VALORACIÓN DE DANOS

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Non procede.

II. RESTO DE GARANTÍAS

CÁLCULO DO VALOR BASE

I. Para os riscos de accidentes, morte masiva de reprodutores, morte ou sacrificio por febre aftosa, prurigo lumbar, saneamento gandeiro por brucelose e saneamento gandeiro por tuberculose caprina, calcularase seguindo os seguintes pasos:

- 1st. **Valor unitario declarado:** valor elixido polo asegurado entre o máximo e o mínimo que propón ENESA conforme a especie, grupo de raza, tipo de animal e características da explotación.
- 2nd. **Valor unitario verificado:** valor unitario máximo ao que se poderían asegurar os animais da explotación, xustificado documentalmente polo asegurado.
- 3rd. **Valor unitario base:** o menor de entre o valor unitario declarado e o valor unitario verificado.
- 4th. **Valor límite máximo indemnizable:** obtense de multiplicar o valor unitario base pola porcentaxe límite máxima de indemnización que se indica nos anexos, en función da garantía, aptitude, réxime, grupo de raza, idade e tipo de animal.
- 5th. **Valor base:** obtense do valor límite máximo indemnizable restándolle, cando corresponda, a depreciación que pertenza.

II. Para as garantías de pastos estivais e invernaís:

- 1st. **Valor unitario declarado:** valor elixido polo asegurado entre o máximo e o mínimo que propón ENESA conforme a especie, grupo de raza, tipo de animal e características da explotación.
- 2nd. **Valor unitario verificado:** valor unitario máximo ao que se poderían asegurar os animais da explotación, xustificado documentalmente polo asegurado.
- 3rd. **Valor unitario base:** o menor de entre o valor unitario declarado e o valor unitario verificado.
- 4th. **Valor límite máximo indemnizable:** será o 1% do valor unitario por animal e por cada semana, cun máximo de 19 semanas.
- 5th. **Valor base:** coincide co valor límite máximo indemnizable.

III. Para a compensación económica pola garantía de inmovilización por febre aftosa:

O valor base calcularase multiplicando o número de animais de cada tipo, e segundo a aptitude da explotación por cada semana de inmovilización e a cantidade en € que reflicten as táboas do anexo IV.

IV. Para a garantía de compensación polos prexuízos ocasionados pola perda de reprodutores:

- 1st. **Valor unitario declarado:** valor elixido polo asegurado entre o máximo e o mínimo que propón ENESA conforme a especie, grupo de raza, tipo de animal e características da explotación.
- 2nd. **Valor unitario verificado:** valor unitario máximo ao que se poderían asegurar os animais da explotación, xustificado documentalmente polo asegurado.
- 3rd. **Valor unitario base:** o menor de entre o valor unitario declarado e o valor unitario verificado.
- 4th. **Valor límite máximo indemnizable:** será o 40% do seu valor unitario base.
- 5th. **Valor base:** obtense do valor límite máximo indemnizable restándolle, cando corresponda, a depreciación que pertenza.

En todos os casos:

Unha vez superado o sinistro mínimo indemnizable correspondente a cada garantía, segundo a condición 25ª, do valor bruto que se indemnizará, completo ou minorado (por infraseguro superior ao 10 % ou por contratación dun réxime de menor taxa ca o real), dedúcese o valor de recuperación cando exista.

Á diferenza obtida deste xeito aplicaráselle a franquía de danos correspondente segundo a condición décimo terceira.

O resultado final será a indemnización neta que se percibirá polo sinistro.

24ª – SINISTRO INDEMNIZABLE

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

A garantía de retirada e destrución de cadáveres non ten mínimo indemnizable, salvo nas zonas de protección para a alimentación de especies necrófagas, para os asegurados autorizados que elixan a garantía básica parcial, establécese un sinistro mínimo indemnizable por explotación nun número mínimo de animais mortos de 40 ou nun peso de 1.400 kg. En calquera caso garántase a retirada e destrución aínda que non se chegue a ese limiar cando se trate dun sacrificio decretado pola Administración.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Establécense os seguintes mínimos indemnizables e requisitos de indemnización para os riscos:

ACCIDENTES

O mínimo indemnizable para a cobertura de accidentes é de 150 €

En ningún caso serán acumulables os animais afectados por diferentes sinistros, aínda que sexan pola mesma causa.

FEBRE AFTOSA

- Inmobilización:

Para que un sinistro sexa considerado indemnizable debe cumprir os seguintes requisitos:

- A explotación debe permanecer coa restrición de movementos polo menos 21 días.
- Deberá acreditar documentalmente que a restrición sanitaria da explotación está rexistrada no REGA.
- Deberá achegar a declaración da autoridade competente onde se especifique que a explotación ten restrinxidos os movementos e o día en que comezan:
 - * Saída de animais a outras explotacións.
 - * Saída de animais ao matadoiro.

- Morte ou sacrificio.

Para o pagamento dos sinistros será necesario que o asegurado achegue na declaración de sinistro:

- Declaración oficial das mortes que son debidas a febre aftosa ou
- Que o sacrificio obrigatorio se ordena por motivos cautelares ou preventivos relacionados coa febre aftosa.

PRURIGO LUMBAR E SANEAMENTOS POR BRUCELOSE OU TUBERCULOSE CAPRINA

Para estas garantías establécese un sinistro mínimo indemnizable de 30 €

PASTOS ESTIVAIS E INVERNAIS

O tomador ou o asegurado deberá remitirle a AGROSEGURO:

- A documentación oficial que acredite o período durante o cal non puideron ser trasladados os animais aos pasteiros.
- A documentación oficial das probas de saneamento que acreditan o cumprimento dos requisitos de aseguramento.

MORTALIDADE MASIVA DE REPRODUTORES

O mínimo indemnizable será de 5 reprodutores, polos 100 primeiros animais reprodutores que posúa a explotación, máis un reprodutor por cada centena de máis animais reprodutores que teña a explotación, contando que os animais reprodutores que non completen unha centena contarán como unha máis.

25ª – FRANQUÍA

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Non se aplica.

II. RESTO DE GARANTÍAS

– **Garantía de accidentes:**

- 1) **No caso de sinistro por ataque de animais salvaxes ou cans bravos, aplicarase unha franquía do 10 % do dano, por conta do asegurado, salvo que este identifique o dono do animal e realizase a denuncia correspondente, en cuxo caso a franquía será do 5 % do dano, e AGROSEGURO subrogarase nos seus dereitos ata o límite da indemnización satisfeita.**
- 2) **Para o resto de riscos aplicarase unha franquía do 10 % do dano.**
- 3) **En calquera caso, para a garantía de accidentes, os asegurados con recarga do 150 terán unha franquía do 30 % dos danos.**

– **Garantía de febre aftosa, prurigo lumbar, pastos estivais e invernais e garantía de compensación polos prexuízos debidos á perda de reprodutores:** non se aplicará franquía.

– **Garantía de saneamento gandeiro:** para a garantía de saneamento gandeiro por brucelose ou por tuberculose caprina establécese, só no caso de baleirado sanitario, unha franquía do 20 % da indemnización.

26ª - CÁLCULO DA INDEMNIZACIÓN

I. GARANTÍAS ADICIONAIS DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

No caso de sinistro, o importe do gasto indemnizable virá determinado polo peso en quilos dos animais retirados e destruídos, polo prezo en €/quilo, co máximo comunicado polas comunidades autónomas e Agroseguero ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, **tendo en conta que a comunidade autónoma á que lle corresponden os animais sinistrados é aquela na que se recollen.**

Agroseguero procederá a indemnizar unha vez comprobada a documentación sinalada na condición 20ª e o correcto aseguramento da explotación.

O pagamento da indemnización poderao realizar directamente Agroseguro, no nome e por conta do asegurado, á empresa xestora que realice a retirada e destrución dos cadáveres, acreedora dos gastos en que se incorreu ata o límite da indemnización. Con este obxecto, Agroseguro comunicaralle os datos necesarios da póliza á entidade xestora. **A subscrición do seguro implica a autorización do asegurado nese sentido.**

II. RESTO DE GARANTÍAS

Calculado o valor base, segundo condición 23ª, a partir de aí seguiranse os seguintes pasos:

- 1st. **Valor base minorado:** obtense a partir do valor base con minoración, cando proceda, por aplicación de regra proporcional ou de equidade, obtendo así o valor base minorado.
- 2nd. **Valor do dano:** obtense a partir do valor base minorado restándolle, cando proceda, o valor de recuperación.
- 3rd. **Indemnización neta:** obtense a partir do valor do dano aplicándolle, cando proceda, a franquía que corresponda; o resultado será a cantidade que debe percibir o asegurado.

27ª - CONSULTA E VERIFICACIÓN DA INFORMACIÓN

De acordo co disposto no artigo 11.2.c) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a subscrición do seguro implicará o consentimento do asegurado para que:

1. ENESA acceda á información necesaria contida na base de datos do Sistema integral de rastrexabilidade animal (cuxa sigla en castelán é SITRAN) para o cumprimento das funcións de verificación que ten atribuídas no marco deste seguro.
2. A Administración xeral do Estado autorice a Agroseguro o acceso á información necesaria contida na base de datos do Sistema integral de rastrexabilidade animal (cuxa sigla en castelán é SITRAN) para a valoración dos animais e da explotación asegurada, así como para o cumprimento das funcións de verificación que ten atribuídas no marco dos seguros agrarios combinados.
3. AGROSEGURO envíe a ENESA aquela información de carácter zoosanitario que lle sexa requirida para facilitar o cumprimento das tarefas encomendadas ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tanto en relación co control do desenvolvemento e aplicación do Plan de seguros agrarios como no que respecta á sanidade animal.
4. No marco do seguimento do resultado deste seguro, se AGROSEGURO detectase aumentos das mortalidades en taxas desproporcionadas en relación co censo ou capacidade declarada, ou sinistros masivos ou outras magnitudes que fagan sospeitar de enfermidade de declaración obrigatoria segundo o artigo 5 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, informará inmediatamente a ENESA para a súa comunicación á autoridade competente.

28ª– ELECCIÓN DE EMPRESA XESTORA

Para a garantía da retirada e destrución de cadáveres, no momento de subscribir o seguro, nas comunidades autónomas nas que así se estableza, o asegurado elixirá libremente a empresa xestora que lle vaia dar o servizo. A elección farase entre todas aquelas xestoras que operen no seu territorio dentro do sistema de seguros agrarios combinados.

Co único fin de facilitarlle ao asegurado esta elección, AGROSEGURO comunicarlle ao asegurado a lista de todas as xestoras, así como o prezo fixado por cada unha delas para prestar o servizo.

A elección da xestora polo asegurado farase de forma irrevogable para todo o período de vixencia da póliza.

Con independencia do anterior, en todas as comunidades autónomas, excepto Castela-A Mancha, poderá admitirse un prezo pactado polo asegurado cunha das xestoras que operen no seu territorio dentro do sistema de seguros agrarios combinados, inferior ao comunicado ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Capítulo VI: ANEXOS

ANEXO I – RISCOS CUBERTOS E CONDICIÓN S DE COBERTURAS

I.1. GARANTÍAS BÁSICAS

	Riscos cubertos	Especie asegurable	Capital asegurado	Réxime asegurable	Cálculo da indemnización	Mínimo indemnizable	Tipo de franquía	% de franquía			
Garantía básica	Raio Inundación Neve Incendio Afogamento Electrocución Atropelo Caída por penedos e terrapléns Asfixia Derrubamento Amoreamentos Intoxicación aguda Meteorismo (en animais estabulados)	Ovinos e caprinos	100%	Todos	Táboa idade	150 €	Danos	10% ou 30%			
	Ataque de animais							Sen mínimo	5% 10% ou 30%		
	Febre aftosa					Todos		Morte ou sacrificio. Táboa idade	Sen mínimo	Sen franquía	
								Inmovilización: compensación	21 días	Sen franquía	
	Mortalidade masiva de animais reprodutores					Todos		Táboa idade	5 reprodutores	Danos	10%
	Sacrificio obrigatorio por prurigo lumbar					Todos con razas puras ou lácteas		Táboa idade	30 €	Sen franquía	

I.2. GARANTÍAS ADICIONAIS

Garantías adicionais	Riscos cubertos	Especie asegurable	Capital asegurado	Réxime asegurable	Cálculo da indemnización	Mínimo indemnizable	Tipo de franquía	% de franquía
1	Sacrificio por brucelose	Ovinos e caprinos	100%	Todos con razas puras ou lácteas	Táboa idade	30 €	Danos	20% en caso de baleiro sanitario
2	Sacrificio por tuberculose caprina	Caprinos		Todos con razas caprinas puras ou lácteas	Táboa idade			
3	Pastos estivais	Ovinos e caprinos		Extensivo	Compensación semanal	Non aplica	Sen franquía	
4	Pastos invernaís			Extensivo	Compensación semanal		Sen franquía	
5	Compensación pola perda de reprodutores			Todos	40% do valor unitario		Sen franquía	
6	Retirada e destrución / Enterramento autorizado / Sacrificios decretados pola Administración			Todos	Prezos xestora / Compensación contra factura: o maior entre 600 € ou o 20% do capital asegurado	Non aplica	Sen franquía	
7 (*)	Retirada e destrución / Enterramento autorizado / Sacrificios decretados pola Administración en ZPAEN			Todos	Prezos xestora / Compensación contra factura: o maior entre 600 € ou o 20% do capital asegurado	Número mínimo de animais mortos: 40 ou un peso de 1.400 kg (excepto en sacrificios decretados pola Administración)	Sen franquía	

(*) A autorización da Administración para acceder ao 7 é obrigatoria. A 6 e a 7 son dúas garantías adicionais incompatibles unha con outra por explotación para efectos do seguro.

ANEXO II – VALOR LÍMITE MÁXIMO POR MORTE DE ANIMAIS

VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN PARA A GARANTÍA 1 I) (ACCIDENTES) E III) (MORTE MASIVA DE REPRODUTORES)	
ANIMAIS REPRODUTORES	Porcentaxe sobre o valor unitario
Femia reprodutora	95%
Semental	160%
ANIMAIS DE RECRÍA	
Recría menor ou igual a 3 meses	95%
Recría maior de 3 meses a menor ou igual a 12 meses	115%

Para os efectos do seguro, para establecer a idade do animal contarase o número de meses. Os días que non completen un mes computarán como un mes máis.

ANEXO III – VALOR LÍMITE MÁXIMO POR FEBRE AFTOSA

VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN POR MORTE OU SACRIFICIO POR FEBRE AFTOSA en animais de aptitude resto	
ANIMAIS REPRODUTORES	% sobre o valor unitario
Femia reprodutora	3%
Semental	68%
ANIMAIS DE RECRÍA	
Recría de 4 meses a menor ou igual a 12 meses	8%
VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN POR MORTE OU SACRIFICIO POR FEBRE AFTOSA en animais de aptitude láctea	
ANIMAIS REPRODUTORES	% sobre o valor unitario
Femia reprodutora	7%
Semental	72%
ANIMAIS DE RECRÍA	
Recría de 4 meses a menor ou igual a 12 meses	28%

ANEXO IV – VALORES DE COMPENSACIÓN POR FEBRE AFTOSA

VALORES DE COMPENSACIÓN NO CASO DE INMOBILIZACIÓN POLA PRESENTACIÓN DE FEBRE AFTOSA EN €

VALOR DE COMPENSACIÓN en animais de aptitude resto	
Reproductores	1,03 €/semana
Recrías	1,31 €/semana

Ata un máximo de 17 semanas.

VALOR DE COMPENSACIÓN en animais de aptitude láctea	
Reproductores	2,21 €/semana
Recrías	1,31 €/semana

Ata un máximo de 17 semanas.

ANEXO V – VALOR LÍMITE MÁXIMO POR SANEAMENTO OU PRURIGO LUMBAR

VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN POR SANEAMENTO OU PRURIGO LUMBAR		% sobre o valor unitario
Lácteo puro	Semental maior de 60 meses	40%
	Femia reprodutora maior de 60 meses	19%
	Semental menor ou igual a 60 meses	123%
	Femia reprodutora menor ou igual a 60 meses	58%
	Animal de recría maior de 3 meses a menor ou igual a 12 meses	88%
	Animal de non recría maior de 3 meses a menor ou igual a 12 meses	22%
	Animal menor ou igual a 3 meses	19%
Lácteo	Semental maior de 60 meses	39%
	Femia reprodutora maior de 60 meses	19%
	Semental menor ou igual a 60 meses	107%
	Femia reprodutora menor ou igual a 60 meses	46%
	Animal de recría maior de 3 meses a menor ou igual a 12 meses	69%
	Animal de non recría maior de 3 meses a menor ou igual a 12 meses	32%
	Animal menor ou igual a 3 meses	28%
Resto puro	Semental maior de 60 meses	39%
	Femia reprodutora maior de 60 meses	18%
	Semental menor ou igual a 60 meses	108%
	Femia reprodutora menor ou igual a 60 meses	44%
	Animal de recría maior de 3 meses a menor ou igual a 12 meses	71%
	Animal de non recría maior de 3 meses a menor ou igual a 12 meses	37%
	Animal menor ou igual a 3 meses	32%

ANEXO VI – VALORES DE COMPENSACIÓN POR PASTOS ESTIVAIS E INVERNAIS

VALORES DE COMPENSACIÓN POLA GARANTÍA DE PASTOS ESTIVAIS E INVERNAIS	
---	--

Reprodutores	1 % do valor unitario/semana (*)
Recrías	1 % do valor unitario/semana (*)

(*) Cun máximo de 19 semanas por cada período contratado.

CE: 404/2016